



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Anuncio de aprobación inicial de modificación da Ordenanza fiscal n.º 23 para 2021. Taxas terrazas hostalería

ANUNCIO

Modificación da Ordenanza fiscal n.º 23: taxas pola ocupación por terrazas de hostalería

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada en data 30/11/2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1.º- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal n.º 23, mediante a introducción dunha nova Disposición Transitoria Terceira, do seguinte teor:

<<DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA

1.-Con carácter excepcional, debido á crise económica e social causada pola pandemia do COVID19, suspéndese a aplicación e vixencia desta Ordenanza fiscal desde o día 01/01/2020 até o día 31/12/2021.

2.-Se algún contribuínte tivese xa aboado as taxas correspondentes a ocupacións que abrangan ese período, poderán solicitar a devolución dos ingresos que correspondan.

3.-Unha vez transcorrido o prazo sinalado no parágrafo primeiro desta disposición, a Ordenanza volverá a se aplicar, a partires do 01/01/2022.>>

2.º.-Ordenar a inserción do anuncio de aprobación inicial no taboleiro de anuncios do Concello, no B.O.P en nun dos diarios de maior tirada da provincia, a efectos de información pública por prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas. No caso de non se presentaren alegacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e inserirase o anuncio de aprobación definitiva no B.O.P xunto co texto íntegro da modificación operada.

O que se fai público aos efectos previstos nos arts. 15 e seguintes do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. O expediente está a disposición dos interesados nas dependencias do Servizo de Xestión e Inspección Tributaria e Catastral durante o período de exposición pública.

Carballo, 18 de xaneiro do 2021.

O ALCALDE

Evencio Ferrero Rodríguez

2021/300